

**X.H. RIVADULLA CORCÓN**

Praia na noite

**2ª ESCENA DO 3º ACTO**

*(Con recollemento Henrique vai marchar, pero ao volveuse descubre a Sofía que o estaba a observar.)*

HENRIQUE: ¡Es ti! Pensei que esquecera para sempre o camiño que me podía levar a ti.

SOFÍA: Non debiches volver nunca a esta praia. ¿por qué?

HENRIQUE: Levo días buscándote, ata en soños busquei por ti. Busqueite pola gran cidade como un solitario naufrago que nada no medio do océano desesperado por encontrar a costa. E agora que estamos un fronte ao outro quero que me escoites.

SOFÍA: Eu tamén estiven a buscarte, pero non hoxe, nin onte, nin hai uns días. Estiven a buscarte toda unha vida, pero sen embargo sei que nunca nos debemos atopar.

HENRIQUE: Si nos tñamos que atopar. Sei que é irracional e sen sentido, pero o noto no máis profundo de min, é unha forza que eu non pode controlar.

SOFÍA: Sinto que debo dicir a verdade.

HENRIQUE: ¡Que me amas!

SOFÍA: Non interpretes as cousas do xeito que mellor te convén, se non es precavido a vida volverase contra ti.

HENRIQUE: ¡Contra min! Con eso xa conto, e trazo os plans previndo a derrota e aínda así négome a non ser un constructor e espero construír algo para os dous.

SOFÍA: A verdade é que si sinto amor...

*(Henrique acércase a ela para abrazala, pero Sofía o detén, impedíndollo.)*

HENRIQUE: Se non me amarás marcharía agora mesmo, pero acabas de dicir que si.

SOFÍA: Sería fácil, dicir que non te amo e todo estaría acabado.

HENRIQUE: Pero non o podes dicir.

SOFÍA: O sensato é que cale, porque ese amor obrígame a impedir que nos amemos e para elo é preciso que nos separemos por sempre. Non preguntes nada e fai o que te pido. Se non queres que suframos traizoa a memoria e esquéceme.

HENRIQUE: É unha intuición o que me fai saber que teño que construír unha vida contigo. Tería que ser un cego ou un tolo para non amarte.

SOFÍA: Fareite dano, faime caso. Nin sequera sabemos os noso nomes, é fácil que nos esquezamos o un do outro.

HENRIQUE: Non se trata de que sexa fácil ou difícil, se trata de querer ou non querer facelo e eu non quero.

*(Sofía saca do interior da saia un coitelo e ameaza con el a Henrique.)*

SOFÍA:*(Violenta)* Quero que te vaias agora mesmo.

*(Nun acto rápido de axilidade e coraxe, Henrique agárralle a man coa que ela porta o coitelo, pero en vez de facerllo tirar, fai que lle apunte, tocándolle, directamente na súa propia gorxa, ela trata de apartar o coitelo pero el é máis forte e obrígalle a manter a posición co coitelo na súa propia gorxa.)*

HENRIQUE: ¿Cres que me vai a importar morrer está mesma noite nos teus brazos? Non, claro que non, levo dez anos practicamente morto, e o único sol que desexo para vivir baixo el é o do teu sorriso, e a única lúa que espero que alumee a miña noite é a dos teus ollos, o manancial de auga fresca que preciso é a fonte dos teus cabelos e os froiteiros dos que quero alimentarme son os teus peitos. Se o sol non me quenta, a lúa non me axuda a conciliar o sono, o manancial non sacia a miña sede e os froiteiros non me alimentan, ¿cres que me vai importar morrer está noite nos teus brazos?

*(Sofía cae de xeonllos e abrázase as pernas de Henrique chorando.)*